

Autor: **JOSÉ ANTONIO PORTILLO**

Fotografías: **JORDI PLA**

Colaboración: **TEATRALIA 2007**

Encadernado en rústica. Sobrecuberta vexetal.

52 páxinas. 16,5x16,5 cm. Contén DVD

Dispoñible en:

-Castelán: "¿Qué piensa mi sombra? Colección de sombras"

ISBN 978-84-8464-627-3

Prezo: 15 €



## ¿QUÉ PIENSA MI SOMBRA? colección de sombras

**Aínda hoxe seguimos buscando a un cazador de sombras  
que capturou a sombra do vaso de cristal e o pensamento dos reflexos...**

Convertidos en "cazadores de sombras" -un elemento inmaterial do que foran coleccionistas durante anos- Portillo e Pla, atopan a complicidade de oito nenos, aos que animan a practicar ese estraño e á vez enigmático exercicio. Propóñenlles afondar nun concepto novo: "camiño orgánico", o camiño rutinario que realizamos no noso barrio, cidade ou pobo de camiño ao traballo, á escola ou calquera outro destino habitual.

Así, mentres percorren a súa ruta cotiá comparten co lector os seus pensamentos sobre como son as sombras dos libros, reflexións sobre os seres queridos que nos deixan, cavilacións sobre os gustos das sombras...

Sombras que evocan lembranzas, como a do primeiro día de colexio. Sombras que evocan os noso propios hábitos, como contar baldosas ou pasos de peóns. Sombras divertidas, que xogan connosco e con outras sombras coas que se mesturan. Sombras intelixentes, voadoras... Patricia, Laura, Mónica, Andrea, Esther e Sandra, Amaya, Souhaib... comparten os seus pensamentos co lector e invítano a trabar amizade coa súa propia sombra, como compañeiros de camiño, de xogos e de vida.

O libro contén un documental en formato DVD, dirixido por Jordi Pla e producido por Teatralia para o Festival de Teatro Infantil de Madrid, no que os protagonistas dos relatos expresan as súas sensacións e pensamentos sobre a experiencia realizada, coas estacións de metro como fío conductor. Tamén inclúe unha invitación ao lector para que secunde esta iniciativa, á que se sumaron nenos de Vallecas, Carabanchel, Santa Eugenia, Vicálvaro, Palomeras, Barrio de la Concepción e Puerta del Ángel, enviando máis de medio cento de imaxes cos seus correspondentes comentarios.

### **JOSÉ ANTONIO PORTILLO (Burgos, 1959)**

Profesor, escultor e gestor cultural do Concello de Benicàssim. Expuxo a súa obra en diferentes espazos artísticos, como Casa de Vacas en Madrid, Espai D'Art Contemporani de Castelló, Ateneo de Valencia, e escenarios internacionais, como o Archivo Artista de Parma (Italia), o Centro Cultural de Belem (Lisboa) ou o Lyric Theatre Hammersmith (Londres). As súas obras foron seleccionadas e premiadas en diversos foros, como o Premio Bancaixa de Pintura e Escultura (1999), LVII Exposición Nacional de Artes Plásticas de Valdepeñas, I e II Mostra Biennial d'Art d'Alcoi. KALANDRAKA publicou outros dous traballos seus, titulados "Artefactes" (Premio Nacional de Edición 2003) e "Museo del Tiempo".

### **JORDI PLA (Valencia, 1964)**

Estudou Filosofía na Universidade de Valencia e titulouse en Imaxe e Son. Especializouse dende 1986 como fotógrafo de danza e teatro, labor que compaxina coa moda e a publicidade, principalmente en Barcelona. Foi director de fotografía e operador de cámara en diversas curtametraxes e documentais; axudante de dirección na instalación de video-wall, director de fotografía en anuncios de televisión, iluminador e controlador de cámaras en Canal 9. Participó como fotógrafo na Bienal de Arte de Valencia.

### **TEATRALIA**

O Festival de Artes Escénicas para Público Infantil e Xuvenil xurdiu en 1997, organizado pola Consellería de Cultura e Deportes da Comunidade de Madrid. Consolidouse como un certame internacional que reúne propostas de varias disciplinas, como danza, teatro, títeres, circo, sombras, música... Teatralia, que se desenvolve durante o mes de marzo en máis de 40 poboacións, ofrece unha gama de espectáculos para todas as idades e complementase con exposicións, publicacións e foros de debate nos que artistas e científicos intercambian experiencias.